

---

Edificio Ernestina Otero  
Campus universitario  
36310 Vigo  
España

---

**Resolución Reitoral do 11 de Decembro de 2019 pola que se concede una prórroga dun curso a académicos dos incentivos dos centros que implantaron os plans de internacionalización na Convocatoria para implantar plans de internacionalización nos centros da Universidade de Vigo a partir do curso 2017/2018.**

Por Resolución reitoral de 29 de Novembro de 2016 publicouse a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas da dita convocatoria, na que non houbo suficientes solicitudes, polo que por Resolución reitoral do 24 de marzo de 2017 convocouse un prazo supletorio para a presentación de novas propostas, que se resolveu coa Resolución Reitoral do 19 de xuño de 2017 pola que se publica a listaxe definitiva de plans aprobados e denegados. Os plans aprobáronse con vixencia ata o curso 2019/2020.

Namentres a actual Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación avalía os resultados acadados con dita convocatoria,

**RESOLVE:**

Prorrogar os plans de internacionalización da docencia dos centros incluídos na listaxe final de plans aprobados pola Resolución Reitoral do 19 de xuño de 2017, no seu estado actual, por un curso académico máis, ata o final do curso 2020/2021.

Manter o 15 de xullo de 2020 como data de presentación do informe de seguimento dos plans polos centros e fixar como data de presentación do informe final o 1 de xullo de 2021.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao recibo desta notificación que se practica por correo certificado con aviso de recibimento, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, o interesado poderá optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.